



# ARREDOR DE NÓS

Revista do IES Otero Pedrayo (A Coruña)

# ÍNDICE

**Edición:** Equipo de Dinamización da Lingua Galega

**Deseño de portada:** Valeria Medina Silva

**Colaboracións:** Cristina de Prada, Ana Campos, Beatriz del Río, Conchi Liñares, María Varela, Paula Barbeito, Lucas Cano, Raquel Varela, Laura Díaz, Sofía Naya, Renée Avendaño, Carlota Cillero, Iris Fernández, Claudia Juiz, Mateo Couce, Alicia Rey Ramos, Antón Maderuelo, Valery Cuarite, Valeria Medina, Lucía Rodríguez, Vania Bazán, Aldara Sánchez Pallas, Dani Mallo, Lincoln Kelly Kamara, Mohamed El Haddad, Lucía Lolo, Carlos Torres, Alba González Bellet, Gema Piñeiro, Saramé Soumahoro, Raquel López, Sara Gundín, Inés Castro, Sabela Dongil, Julia Abeijón, Victoria Porto, Mustapha Cham, Olivia Avendaño, Noa Francos, Daniela Arias, Yasmina Oliveira, Alejandro Vega, Dilinger Rojas, Félix Longueira, Uxía Pérez, Paula Queijas, Ana Vidal, Ánxeles Minguillón, departamento de Inglés, Seila Vázquez, Xiana Villar, Sara Caamaño, Arturo de la Rosa e máis! Grazas a todas e todos por participar!

- [1. Samaín](#)
- [2. Nadal](#)
- [3. Entroido](#)
- [4. Día da poesía](#)
- [5. Letras Galegas](#)
- [6. A nosa biblioteca](#)
- [7. Recomendacións literarias](#)
- [8. Recuncho artístico](#)
- [9. O Otero Pedrayo e o teatro](#)
- [10. Otero multicultural](#)
- [11. Otero científico](#)
- [12. Recreos activos](#)
- [13. Actividades](#)
- [14. Viaxes](#)
- [15. Proxectos](#)
- [16. Que foi de...?](#)
- [17. Artigos de opinión](#)
- [18. O receptor do Otero](#)
- [19. Graduación de 4ºESO](#)
- [20. Pasatempos](#)

## EDITORIAL

Pedía o Otero Pedrayo por unha revista escolar. Arredor de Nós nace grazas ao impulso da Equipa de Dinamización da Lingua Galega, e moi en especial da profesora Rosalía Ferreiro. Ela foi tecendo unha rede de rapazas e rapaces que se encargaron da confección desta revista. Dispoñemos, ordenamos e esiximos que manteñan o nervio por moitos outros números.

Hai algo máis de cen anos, nunha arroutada semellante, nacía en Ourense a revista Nós. Era unha revista en galego e para a cultura galega, na que colaboraban, man con man, un extenso grupo de persoeiros entre os que destacaba Ramón Otero Pedrayo.

No editorial do primeiro número daquela revista afirmábase que os *“colaboradores de Nós poden ser o que lles pete: individualistas ou socialistas, pasatistas ou futuristas, institucionistas ou racionalistas, naturistas ou humanistas; (...) poden ser hastra clásicos”*. Será ben, por tanto, que en Arredor de Nós cadaquén tamén sexa o que máis lle preste: admítense nesta revista desvaríos, angueiras, soños, degoiros, a listaxe detallada dos paxaros que aniñan no Otero, fóra e dentro das cabezas, excursións, actividades e traballos de clase. Calquera cousa con tal, como dicía aqueloutro editorial cen anos atrás, *“de que poñan por riba de todo (...) o desexo coleitivo de superación”*.

Entre alumnado, profesorado e persoal de administración e limpeza convivimos no Otero, día si e día tamén, máis de catrocentas cincuenta persoas. Unha comunidade tan grande é capaz de moito.

Entre tanta xente, cos días sucedéndose tan á présa, cheos de obrigas e de emocións, ás veces esquecémos cantas cousas logramos ao longo dun curso. Nesta revista, como se fose unha caixa do tesouro, gardaremos canto conseguimos traballando xuntos. Cando se abra a tapa da caixa, o seu interior iluminaranos, porque esta caixa do tesouro non a fomos buscar a ningunha illa deserta, senón que estaba dentro de nos.

Se xuntos conseguimos tanto, por que non seremos capaces de máis? Parafraseando o inicio do editorial do primeiro número de Nós:

*“Pra ledicia de moitos e pra ensino de moitos, sai oxe **Arredor de Nós**”*.

Saúde e Terra!

Félix Longueira Fafián



# SAMAIN

Para festexar a data máis arrepiante do ano, convocáronse no centro dous concursos abertos á participación de todo o alumnado. Desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega premiamos a aula coa porta máis terrorífica! Os grupos gañadores foron 1ºESO B e mais 3º e 4º PDC, quen se presentou de xeito conxunto.



Por outra banda, desde a Biblioteca, premiáronse os mellores Microrrelatos de terror nas distintas linguas coas que se traballa no centro: galego, castelán, francés e inglés.





# Microrrelatos de medo gañadores

12 xullo:

Mañá é o día. Este ollo leva sendo unha compañía constante, unha sombra escurecendo a miña vida. Esta mañá, mentres miraba pola ventá, vin a luz solar filtrándose a través das follas das árbores, creando un mosaico de sombras e cores. Estes momentos convertéronse nunha experiencia borrosa e dolorosa debido ao meu ollo enfermo.

**-Falaches con María?-**

**-Non responde, estou preocupada.-**

**-Igal necesita descansar, reláxate.-**


**-Imos con ela.**

13 xullo

Os médicos din que o transplante foi un éxito.  
Teño medo, non me gusta este ollo.  
Sinto que me observa.

**-María, abre a porta!**

**-Vou chamar á policía.**



13 xullo

Axuda

Vou arrincarme este ollo.

Non para de mirarme.

**-Que alguén chame á ambulancia!**

Antón Maderuelo González (4ºC)

## Sangre en el colegio

Todo comenzó cuando mis amigos y yo quedamos para ir a clase. Nos reunimos en la plaza del barrio y caminamos lentamente hasta el colegio. Era un día como otro cualquiera, pero había un ambiente extraño en la calle. Estaba muy vacía y una densa neblina lo invadía todo. No le di importancia y seguimos adelante. Al llegar al instituto me despedí de mis amigos y me dirigí a clase. Me quedé hablando en la puerta con un compañero, cuando, de repente, una sombra apareció al final del pasillo. No se apreciaba bien, pero parecía tener ojos oscuros y diabólicos. Empezó a caminar hacia nosotros. Era como un zombi, casi no se podía sostener. En las manos traía lo que parecían papeles llenos de sangre. Ya estaba pensando en escapar cuando gritó mi nombre. Entonces me di cuenta: era la profesora que traía los exámenes corregidos. No había escapatoria.

Lucas Cano Fernández (3ºA)



# Microrrelatos de medo gañadores

“I’m a little monster”, that’s what the little girl said to his mother. She froze with those words, it gave him chills all over his body for his words of daughter.

Was a peaceful night but strange noise were heard in the little girl’s room in the middle of the night. So then mother went to see if her daughter was okay, his little girl was sitting with her back to her mother and she said “ I’m little monster be afraid of me “, she dropped her glass of water and started to shake because she had just dreamed what her daughter said before coming to her little girl’s room. And she continued saying “ i will leave your body trapped in a nightmare, you won’t be able to escape from me”, she turned around, facing her mother. I’m going to appear in your dreams again in the most terrifying way

Valery Cuarite Cruz (4ºD)

- La Vie n’était pas triste, elle n’était pas méchante, elle n’était pas laide et elle n’était pas détestée.

La Mort n’était pas joyeuse, elle n’était pas bonne, elle n’était pas jolie et elle n’était pas aimée.

Parce que la Vie était morte et que la Mort était vivante.

La mort a libéré la Vie.

La vie a condamné la Mort.

Toute la situation était si injuste que la Vie ne pouvait pas souffrir et que la Mort ne pouvait pas rire.

(Lettre du tueur n°41, trouvée dans la poche de la victime n°273; 1er novembre, Mexico)




Valeria Medina Silva (4ºC)



# NADAL

Para celebrarmos a época do Nadal e felicitar o ano novo a toda a comunidade educativa, desde o Equipo de Dinamización da Lingua Galega convocouse un concurso de creación de postais de Nadal. Participaron moitas alumnas e alumnos de todos os niveis e, malia ter sido moi complicada a elección da postal gañadora, finalmente optouse por premiar a de Olivia Avendaño (3ºA). As creacións foron expostas na entrada do instituto e a gañadora resultou agasallada con entradas para o cine.




# ENTROIDO

Febrreira 2024

## MANDATOS DO MECO

Para celebrarmos o Entroido no IES Otero Pedrayo, alumnado voluntario fabricou un simpático Meco que nos foi indicando como tiñamos que vir na semana previa ao festival de disfraces.



## FESTIVAL DE ENTROIDO

Rematados os mandatos do Meco, o venres 9 febreiro chegou a xornada Celebración do Entroido no instituto, organizada pola EDLG e a Coordinación de Convivencia..

Foi unha mañá chea de ledicia e celebración. No concurso de grupos participaron 16 dos 17 cursos, moitos con coreografía e escenificación incluídas e todos con ideas e disfraces estupendos.

Moito traballo en equipo no que o alumnado demostrou que se pode convivir en armonía, traballando en grupo, escoitándose, chegando a acordos, incluíndo e obtendo resultados.

Este ano no noso centro celebrouse o Entroido, unha festa onde cada clase que queira participar pode facelo, só ou en grupos. A idea deste día é que as clases elixan un disfrace e nas últimas horas fagan un desfile de todos eles. Ademais de desfilar tamén se pode facer unha coreografía.

Todo isto faise no pavillón ou fóra, nas gradas, mentres un xurado composto por tres profes e catro alumnos ou alumnas van puntuando a cada un dos grupos segundo a súa vestimenta, a orixinalidade, a coreografía... Logo de que pasen todas as clases faise un reconto e repártense os premios aos gañadores.

Este ano presentáronse case todas as clases e de xurado estiveron Cristina de Prada, profesora de Educación Física, Juan Berná, profesor de Música, e Ánxeles Minguillón, profesora de Lingua galega. Escolléronse a catro membros do alumnado de todos os cursos, quen puntuaban a aqueles de outro distinto.

Este ano houbo tres grupos gañadores:

- O grupo de 2ºE gañaron o segundo premio ao mellor disfrace. Estes ían disfrazados dos superheroes de *Avengers*.
- A clase de 3ºC gañou o primeiro premio ao mellor disfrace do instituto, disfrazados dos anos vinte en Chicago (os nenos ían de *gangsters* ,cuns traxes, e as nenas de *flappers* ,cuns vestidos vermellos con flecos), un disfrace moi orixinal e fermoso.
- E, por último, a clase de 4ºC gañou o premio ao mellor baile. Ían disfrazados da película de *Teen beach movie*. Fixeron un baile moi divertido no que había dous grupos: os moteiros e os surfeiros.

Todos estes grupos gañaron unha chocolatada (chocolate con churros) que disfrutaron no recreo.

Carlota Cillero e Renée Avendaño (3ºC)



2º PREMIO:  
2ºE



Mellor DISFRACE:  
3ºC



Mellor coreografía:  
4ºC





As presentadoras e o presentador do festival



Pódese acceder ao seguinte enlace para ver un resumo do Entroido no Otero!

## AGRADECEMENTOS

Moitas grazas ao profesorado e persoal non docente pola colaboración que fixo posible esta celebración.


Tamén moitas grazas ao alumnado que participou no xurado, na presentación dos grupos e na colocación do mobiliario ao principio e recollendo ao final.


<https://www.youtube.com/watch?v=BC6ETgmPZdY>

# DÍA DA POESÍA

O nosa profesora de Lingua Galega comentounos que a biblioteca convocara un **concurso de Haikus ilustrados** en varios idiomas. A orixe deste tipo de poemas é xaponesa. Un haiku consiste en tres versos de 5, 7 e 5 sílabas respectivamente. Maiormente a súa temática é da natureza ou sentimentos. No meu caso, para o Haiku de inglés elixín escribir sobre que as persoas poden chegar a ser mellores do que un pensa. Foi un pouco complicado, xa que normalmente non fago poemas en inglés, pero levei a voar a miña imaxinación polo vento e resultou que gañei o concurso nesa categoría. A verdade é que non esperaba gañar, pero gustáronme moito os agasallos.

Ashley Alfaro (3ºD)





As nosas gañadoras: Paula, Ashley e Valeria

# LETRAS GALEGAS

## LUÍSA VILLALTA

Luísa Villalta Gómez naceu na Coruña o 15 de xuño de 1957 e morreu na mesma cidade o 6 de marzo de 2004. Foi unha escritora, filóloga, profesora e violinista galega. Escribiu poesía, narrativa de ficción, ensaio, artigos xornalísticos e realizou traducións.

Este ano a Real Academia Galega dedicoulle o Día das Letras Galegas, destacando dela que foi a creadora dunha obra singular e sólida que a converteu nunha das grandes figuras da literatura galega que emerxeran na segunda metade dos anos 80 e primeiros dos 90.

Luísa Villalta desenvolveu unha intensa actividade cultural: impartiu seminarios, recitais de poesía e palestras, entre outras cousas. Ademais, colaborou en varias publicacións como *Man Común*, *A Nosa Terra* ou *Festa da palabra silenciada*.

Participou en entidades como a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG), o Foro da Cultura Galega ou a Mesa pola Normalización Lingüística.

Algúns dos seus poemarios son *Música reservada* (1991), *Ruído* (1995), *Rota ao interior do ollo* (1995) e *En concreto* (2004).

Sara Caamaño Vázquez (3ºB)




Co gallo do Día das Letras Galegas, neste ano adicado á poeta, violinista e profesora coruñesa Luísa Villalta, o noso alumnado explorou o seu lado máis creativo elaborando dúcias de poemas visuais. Para a súa realización, escolleron versos, estrofas ou mesmo poemas enteiros de Luísa Villalta e combináronos coas artes plásticas máis variadas (colaxes, ilustracións, caligramas...)

Velaquí mostramos algunhas das obras resultantes, expostas no corredor principal desde a semana das Letras Galegas até a fin de curso.

Moitas grazas pola participación a todo o alumnado e por formar parte, un ano máis, deste día que serve para homenaxear as nosas autoras e reivindicar a nosa cultura e lingua propia!

# LETRAS GALEGAS



Máis traballos  
no seguinte  
vídeo:

[https://www.youtube.com/watch?v=bBzVfY\\_2iE](https://www.youtube.com/watch?v=bBzVfY_2iE)

# A NOSA BIBLIOTECA

Ana Campos

## Por que é importante o labor da biblioteca escolar?

Unha biblioteca é algo máis que un sitio onde gardar os libros ou estudar para os exames. É un lugar de encontro onde pasar o noso tempo de lecer cos nosos compañeiros e amigos (e non só cando chove!).



- **Ordenadores:** tamén pode ser un lugar para investigar, para procurar información, ampliar a vosa cultura e mellorar a vosa competencia dixital.
- **Club de lectura “Bibliotero”:** a lectura pode transportarnos a outras épocas, a lugares distantes e a mundos maravillosos. Escape Room/Cineclub.

Un grupo moi selecto  
Sobre famosos detectives  
Que usan o intelecto  
Para resolver crimes.



- **Os nosos voluntarios:** que faríamos nós sen eles? Sempre axudando e aportando ideas novas.
- **Concursos:** cada ano organizamos concursos que potencian a creatividade do noso alumnado: microrrelatos, haikus, caligramas, debuxo...
- **Obradoiros creativos:** decoración de Samaín e de Nadal, creación de instrumentos de música para as charangas de Entroido, Club de gancho... Vide probar outra maneira de pasar o tempo!
- **Xogos:** xadrez, parchís, Trivial, Scrabble, Scattergories, xogos de lóxica... Unha chea de oportunidades para aprender xogando.

Club de gancho

Club de ciencias

Cantas levamos xa? E cantas máis se nos poden ocorrer? Porque na biblioteca cabe todo o que nós queiramos facer dela.

Club de lectura

E moito máis!

### Ler é vivir mil vidas

Desenvolver a nosa imaxinación, mellorar o pensamento abstracto e o razoamento, sentido crítico, ampliar o vocabulario, estimular a empatía, reducir a ansiedade e o estrés.



Podes seguir todas as novas da nosa biblio en [@iesoteroacorunabiblioteca](https://www.instagram.com/iesoteroacorunabiblioteca)

## Club de lectura



## Club de gancho





## SESIÓNS DE LECTURA NA BIBLIOTECA CON 4ºD

Conchi Liñares

Ao longo do curso 2023-24 desenvolvemos unha das nosas actividades preferidas: ler na biblioteca as tardes dos martes. Todos os trimestres, lemos libros en galego e castelán e fixemos coloquios e traballos sobre as lecturas.

Limos obras como *O diario de Ana Frank*, *Matar a un ruiseñor* ou *A tumba de Breogán*. A hora semanal de lectura converteuse nun tempo de encontros e... tamén de disputadas quendas de uso do sofá!

Non vos parece que temos unha biblioteca e uns alumnos estupendos?





# RECOMENDACIÓNS LITERARIAS



## Agatha Christie



Neste artigo vou recomendar algunhas novelas da autora Agatha Christie e falar un pouco sobre esta autora, xa que é o tema do club de lectura deste ano no alumnado de cuarto.

Agatha Christie é unha das mellores escritoras de novela negra e intriga do século XX, e a súa obra é unha referencia indiscutible neste xénero literario. Os seus libros destacan pola súa habilidade para manter a tensión e o misterio ata o final, e polos seus personaxes únicos. Ademais, as historias de Agatha Christie adoitan estar ambientadas en escenarios variados e exóticos, o que engade un elemento extra de interese e atractivo á súa obra. A autora tamén se caracteriza por crear tramas intrincadas e cheas de xogos mentais entre os personaxes, o que fai que cada novela sexa un verdadeiro enigma por resolver. As súas obras son clásicos da literatura de intriga e son perfectas para quen desfrute dos enredos, as conspiracións e os desenlaces sorprendentes.

Eu lin tres novelas desta autora: ***A morte na vicaría***, ***A ratoeira*** e o ***Asasinato de Roger Ackroyd***. Na primeira, un home aparece morto nunha pensión e a propietaria convértese na principal sospeitosa. Na segunda, un grupo de persoas atrapadas nunha casa comezan a morrer unha a unha; mentres que na terceira, un detective retirado investiga o asasinato dun home rico nunha aldea pequena. En todas elas os protagonistas deben descubrir o verdadeiro culpable antes de que sexa tarde.

En definitiva, Agatha Christie é unha autora imprescindible para calquera amante da novela negra e de intriga e os seus libros son unha lectura obrigada para quen busque emoción, suspense e unha boa dose de misterio.

# As lágrimas de Shiva

(César Mallorquín)



Recomendable cen por cen.

En primeiro lugar, porque neste libro atoparás varios xéneros: amor entre adolescentes, relacións familiares, intriga, misterio e histórico como a chegada do home a Lúa.

En segundo lugar, porque a medida que o les engancharate cada vez máis. A historia manterate en vilo até o final, que é cando se desencadea toda a trama.

A novela está pragada de toques de enxeño e ironía, hai detalles que conseguirán que botes alguna que outra gargallada e outros que se che poña a pel de galiña.

Cando o rematas de seguro quedarás con ganas de máis. Estarás de sorte porque se queres saber o que acontece cos seus protagonistas só terás que ler a súa continuación: **O Círculo Escarlata**.

Inda que é un libro de literatura xuvenil, sen dúbida recomendaríao a persoas de calquera idade!

Agora que veñen as vacacións, vouvos recomendar un libro. A obra chámase **As lágrimas de Shiva** de César Mallorquí. Tiven que lelo para a clase de Lingua castelá e a verdade é que me gustou moito. Moi probablemente o lea de novo nun futuro.

A historia ocorre nos anos 60 e é unha mestura entre romance e misterio introducindo ao lector no mundo do máis alá. Eu recoméndoo totalmente, xa que é entretido e lixeiro para ler. Eu remateino nunha tarde. Podes atopalo en internet de balde ou na biblioteca do instituto. Está dispoñible en castelán e en galego, o que ti prefiras.

Espero que a miña recomendación vos anime a desfrutar deste libro tanto como desfrutei eu.

Saramé Soumahoro Vázquez (2ºD)

Xiana Villar Calvelo (2ºE)



# A gruta da torre

(Lois Pérez)



Este libro foi escrito por Lois Pérez, un escritor lucense que fala da súa infancia en Ribadeo. A historia narra a vida dun neno, que despois de rematar o curso escolar, vai veranear a Ribadeo coa súa familia. Alí ten un grupo de amigos cos que vai desvelar un misterio. Este libro recibiu o premio de Agustín Fernández Paz pola igualdade.)

Na miña opinión, este libro é xenial, encántame tanto a forma de narrar como que está baseado en feitos reais. É un libro de literatura xuvenil, que se adapta moito ao que facemos os rapaces en verán: ir cos amigos, namorarnos, meternos en leas... Podo mesmo dicir que ten momentos de tensión, que che fan sentir que vives ti a historia, é realmente absorbente. Ademais tiven a fantástica oportunidade de coñecer a Lois Pérez en persoa e é un gran comunicador. De verdade merece a pena lelo, é un libro increíble.

A gruta da torre é una novela que combina misterio e aventura. Foi escrita por Lois Pérez, e narra as aventuras dun grupo de persoaxes que adentranse nunha misteriosa gruta en busca de tesouros e segredos ocultos.

Ao longo da trama vanse desvelando detalles sobre o pasado dos protagonistas e revélanse os diferentes enigmas aínda agochados. O libro ten unha ambientación detallada e realista, grazas a facilidade do autor ó describir escenarios e situacións de maneira vivida.

Ao longo desta historia explórase moito a vida dos persoaxes principais, os seus desexos, preocupación e motivacións xerais.

O libro é doado de ler, se ben non foi das miñas lecturas favoritas.

Raquel López Suárez (2ºB)

Iria Puig Barreiro (2ºE)

# Escarlantina, a cociñeira defunta

(Leticia Costas)



Leticia Costas naceu o 19 de setembro de 1979 en Vigo. É unha das escritoras máis recoñecidas e traducidas da literatura galega, autora de máis de 20 libros infantís e xuvenís e os seus libros son constantemente reeditados. A súa primeira obra foi *Unha estrela no vento* publicada por Edicións Xerais no ano 2000.

Recibiu importantes recoñecementos, coma o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil no ano 2015 pola obra *Escarlantina, a cociñeira defunta* que tivo unha gran acollida polo público infantil.

Conta a historia de Román Casas, un neno que soña con ser un prestixioso chef e, polo seu décimo aniversario, decide pedirles aos seus pais un curso de cociña.

No seu lugar recibe un cadaleito cunhas instrucións para activar a Escarlantina, unha cociñeira falecida no século XIX e a súa inseparable amiga, Lady Horreur, unha arrepiente araña con acento francés.

Os tres novos amigos e o gato Dodoto, viaxan a bordo do mortibús ata o inframundo, onde os mortos viven baixo o imperio de Amanito. Alí, deberán elaborar xuntos a receita perfecta para vivos e mortos e así conseguen saír do inframundo.

Recomendo esta historia de humor macabro que estimula o apetito do lector e a curiosidade polo mundo da cociña.

Sara Gundín Rodríguez (2ºA)

# Asasinato para principiantes

(Holly Jackson)

Este libro trata sobre unha rapaza, Pippa, que quere estudar periodismo, e para subir nota, fai un traballo, e decide facelo sobre un asasinato que ocorreu hai anos na súa vila. A simple vista parecía un homicidio, o de Andie Bell, que en teoría matáara seu mozo, pero Pippa, coa súa reportaxe, vai darlle a volta por completo a este caso, pero ela non vai saír limpa de todo isto. Que descubrirá Pippa?

Este libro é tamén unha triloxía, que pasa por distintas fases, pero esta primeira é o comezo de todo, e faiche seguir lendo dende o primeiro momento. Ademais é un libro que reflicte que non todas as persoas son o que parecen, que sempre van ter trapos sucios, en maior ou en menor medida.

Raquel Varela (3ºA)

# Alguén está mentindo (Karen M. Mcmanus)




Este libro trata sobre 5 rapaces, que no instituto un profesor castígaos por ter os móbiles na clase, e mándaos a unha aula de castigo cando acaban as clases. Mentres están todos nesa aula, incluíndo o profesor, un alumno di que ten sede, e cando bebe, morre. Os alumnos son acusados de homicidio, pero os rapaces din que non fixeron nada, e tratan pola súa conta de saber que pasou co rapaz, Simón, e por que morreu nesas situacións. Que descubrirán sobre a misteriosa e desestruturada vida de Simón?

Eu recomendaría este libro porque é un claro exemplo de que non todo é o que parece, xa que Simón, aínda que non fora o mellor rapaz, ninguén sabía o que facía de portas para fóra do instituto, e moitas veces, tampouco se sabía o que facía dentro. A min foi un libro que me enganhou dende o primeiro momento, e fíxome ler os seguintes dous libros, xa que é unha triloxía. Ademais, para quen non queira ler os libros, hai unha adaptación destes libros en Netflix.

Raquel Varela (3ºA)

# O curioso incidente do can a media noite (Mark Haddon)



Christopher Boone é un neno de 15 anos, moi maniático, que un día no xardín da casa atopou ao can da súa veciña, Wellington, morto, e el é o principal acusado, e acaba arrestado. Cando volve ser libre, vai apuntando nunha libreta cousas relacionadas co caso do can. Cando seu pai atopa a libreta, confíscalla e dille que non volva facer nada así. Christopher enfadouse, e trata de recuperar a libreta. Cando a atopa, tamén atopa un feixe de cartas para el de parte da súa nai, quen supostamente estaba morta, pero estaban datadas póstumas á morte dela. Despois de ver iso, colle a súa mascota, unha rata chamada Toby, e marchan en busca de súa nai, que debe de estar viva nalgún sitio. Conseguirá Christopher atopar a súa nai? E atopar ao asasino de Wellington?

Neste libro, aínda que non se diga ao longo da historia, Christopher ten Síndrome de Asperger, por iso é tan maniático. Debido a isto, tamén a súa aventura fáiselle moito máis costa arriba que unha persoa sen esa condición, pero el faino igual. Eu sempre recomendarei este libro porque demostra que a sociedade ten un serio problema con estereotipar que calquera persoa que padeza dalgunha síndrome xa non pode facer cousas. Eles van facer igual, só que vailles levar máis tempo, porque padecen unha síndrome, pero non son estúpidos.

Raquel Varela (3ºA)

# RECUNCHO ARTÍSTICO

Ao longo do curso son moitos os traballos que o noso alumnado realiza dentro das materias de Educación Plástica e Visual e Expresión Artística.

As temáticas foron moi variadas : debuxo surrealista, punto, liña e plano ou creación de libros de artista, entre outros.

Mostramos a continuación algunhas das obras realizadas.




Inés Castro Barbeito (4º C)



**Victoria Porto (3°C)**



**Daniela Berdomás (3°B)**



**Paula Barbeito (3°A)**




**Laura Díaz (3°A)**



**Daniela Arias (3ºD)**




**Noa Francos (3ºA)**




**Yasmina Oliveira (3ºD)**





Sabela Dongil (4°C)



Julia Abeijón (4ªA)

Por outra banda, a través do Programa de Convivencia do centro e da colaboración da nosa profesora de Artes Plásticas, Lola García Saavedra, creamos un grupo de **Decoración do centro** co que pretendemos pouco a pouco ir renovando o aspecto dos nosos corredores.

Neste curso incorporáronse dous novos cadros:



# O OTERO PEDRAYO E O TEATRO



Vania Bazán (4°C) entrevista a Lucía Rodríguez, actriz de teatro e alumna de 4ºESO.



Lucía nunha das súas actuacións

V: Ola! Son Vania, a entrevistadora do IES Otero Pedrayo e estou aquí coa miña compañeira Lucía Rodríguez para achegarnos á súa faceta como actriz de teatro. Como estás, Lucía?

L: Moi ilusionada con esta entrevista!

V: Dime... Como chegaches ao mundo do teatro?

L: Eu empecei con tres anos no colexio co obxectivo de ser menos tímida. Pouco a pouco foime gustando máis e despois fun a outro grupo máis profesional. Actualmente formo parte da compañía Noite Bohemia, que representa teatro a nivel internacional.

V: Empezaches moi cedo! Até o de agora, cal foi a obra que máis che gustou interpretar?

L: Fixen unha obra por ano, excepto neste último que representamos un total de dez. A que máis me gusta é *Medea*, obra coa que comecei na compañía.

V: Iso son moitas obras! Como consigues compaxinar a memorización das obras cos estudos no instituto?

L: Cada minuto libre estou estudando para poder aprender as dúas cousas. Por exemplo, durante a xira, estudaba para os exames nos avións.

V: Falando de xiras... Canto tempo dura cada unha?

L: É unha pregunta difícil, posto que algunhas pequenas duran só dous días e noutras xuntamos varios teatros e poden durar unha semana, contando o traxecto.

V: Iso é moito tempo. Como compensas o tempo perdido do instituto?

L: Pido apuntamentos aos meus amigos, pregunto dúbidas e fago traballos voluntarios para asegurar as notas.

V: Debe ser moi bonito e moi duro á vez renunciar a pasar tempo con amigos e ao teu tempo libre. Moitas grazas por contarnos a túa experiencia e moita sorte co teatro!

L: Espero que isto motive a todo o alumnado e facer o que lles guste!

## SAÍDAS AO TEATRO



O alumnado de 2º de ESO asistiu a unha obra teatral en inglés. O espectáculo era colaborativo, polo que houbo un grupo de voluntarios que se atreveron a saír ao escenario!

O 27 de Marzo, o alumnado de francés de 4º da ESO tiveron a oportunidade de asistir a unha obra de teatro en francés que se representou no Centro Cívico Os Mallos. Esta saída foi organizada polo Departamento de Francés.

A obra chamábase *Les trois mousquetaires*. A interpretación dos actores e actrices foi estupenda, conseguindo transmitir os sentimentos e conflitos dos personaxes.

Cando rematou a obra os actores fixeron un coloquio e algunhas alumnas de 4º realizaron unhas cantas preguntas, podendo coñecer así as experiencias e o traballo do elenco. Así mesmo, foron conscientes de que, aínda que o francés non sexa unha lingua que aprenden dende pequenas, foron capaces de seguir perfectamente a obra e entender as respostas do coloquio posterior.



Paula Queijas García (4ºA)

No Otero Pedrayo o alumnado de 3º ESO puidemos ir ver a Paula Carballeira ao Fórum Metropolitano o día 19 de abril para que nos contara historias de medo. Pero, quen é Paula Carballeira?

Paula Carballeira é unha escritora e actriz galega que naceu o 7 de setembro de 1972 en Fene. Reside en Santiago de Compostela desde que en 1989 estudou Filoloxía hispánica.

Escribiu teatro, poesía, narrativa e literatura infantil e xuvenil. Algunhas das súas obras son *A folla máis alta* (1012) e *O refugallo* (2013 - co que gañou o premio Manuel María de Literatura dramática infantil (premio que gañou en dúas ocasións máis) de teatro, *Contarás* (poesía escrita entre 2006 e 2012) ou *A percura* e *O principio*, pertencentes a literatura infantil e xuvenil.

No ano 2023 Paula Carballeira gañou o Premio Nacional de Literatura Dramática pola súa obra *As alumnas*.



Sofía Naya (3ºB)

# TEATRO NAS AULAS PARA CELEBRAR O DÍA DO LIBRO

O alumnado levou a escena a representación de *Las aceitunas*.

Beatriz del Río

Este ano, os alumnos e alumnas de Reforzo de Lingua Castelá de 2ºD ESO animáronse a representar o paso *Las aceitunas* para celebrar o Día do Libro. Esta peza teatral foi escrita en 1548 polo actor e dramaturgo sevillano Lope de Rueda.

Os rapaces deste improvisado grupo fixeron unha pequena xira polas aulas de 1º e 2º de ESO os días 23 e 25 de abril, onde representaron esta obra de teatro que foi preparada durante as semanas previas ao Día do Libro.

Neste proxecto participaron os oito alumnos de Reforzo de Lingua Castelá: Rodrigo encargouse de presentar o evento; Carlos, Lucía, Sohanny e Karla foron os actores; Rosario, Víctor e Sheila levaron os elementos de decoración e facían de apuntadores; ademais, Sheila tiña tamén a tarefa de substituír á actriz que facía a personaxe de Águeda.



*Las aceitunas* é una peza curta e cómica que presenta un conflito familiar: Carlos interpretou a Toruvio, pai da familia que volve á casa despois de ter plantado unhas olivas. Sohanny meteuse na personaxe de Águeda, a dona de Toruvio, unha muller cobizosa que pretende vender as olivas a un prezo moi alto. Na discusión está presente a súa filla Mencigüela, interpretada por Lucía, que acaba recibindo golpes de ámbolos país. Para resolver o conflito, aparece en escena Aloha, a veciña que interpreta Karla.

Nun primeiro momento, os rapaces tiñan pensado interpretar o paso só diante dos seus compañeiros de clase, na aula de 2º D; non obstante, ao ver que lles gustaba o traballo, decidiron saír de xira por outras aulas. O día 23 o seu percorrido foi polo corredor de 2º da ESO, actuaron nas aulas de 2º D e 2º E. O día 25 estiveron nos grupos de 1º B, 1º C e 2º A.

Foi unha experiencia marabillosa: pasámolo moi ben nos ensaios e nas actuacións. Ademais, aprendemos que todo é máis sinxelo con esforzo e ganas. Parabéns por un gran traballo!



# MÁIS TEATRO NAS AULAS

O alumnado de 2º non só se animou a representar obras teatrais de autores recoñecidos, senón que nas clases de Lingua castelá de 2ºA e de 2ºB crearon as súas propias pezas e representáronas diante dos compañeiros e compañeiras.

---





# OTERO MULTICULTURAL

No Otero Pedrayo temos a sorte de convivir día a día persoas de moitos lugares do mundo! A continuación mostramos a unha pequena parte do alumnado que se incorporou recentemente ao noso sistema educativo e quere aportar as súas impresións ou simplemente presentarse.

## Alejandro Vega (Cuba)

Chámome Alejandro e veño de Cuba. A primeira impresión cando cheguei a España foi moi boa. Hai lugares moi lindos que eu non coñecía. A penas levo catro meses aquí e paréceme moi ben. O colexio é moi bonito, os profesores moi agradables, ensínanme cousas novas e falan dos costumes de aquí. Teño moitos amigos xa e as fins de semana quedamos para saír a xogar e pasar un tempo agradable. A verdade é que me vai moi ben en España e quero seguir coñecendo máis. Tamén me impresionou moito a limpeza da cidade, os edificios, as rúas, etc. Teño que poñerlle máis interese á escola para pasar ao próximo curso e sacar boas notas e cumprir con todas as tarefas que me manden.




## Dilinger Rojas (Venezuela)

Ola! Chámome Dilinger Rojas e veño de Venezuela. A miña primeira impresión foi de felicidade porque coñecín outro país e gustoume moito. Teño moitos amigos no instituto. O colexio aquí é mellor que no meu país e estou estudando moito para pasar a 4º ESO porque me costaron moito os cambios a nivel académico, os horarios, etc. Cando cheguei a España era outono e xa teño tres mellores amigos da clase. O que máis me gusta é Galego, Informática, Música e Inglés. Gústanme moito as praias de Galicia e as historias e persoas de aquí son moi agradables. Cando me gradúe na universidade quero ser enxeñeiro agrónomo.



## Mohamed El Haddad (Marrocos)

Ola! Chámome Mohamed e teño 16 anos. Son de Marrocos e levo en España desde o 29 de outubro de 2023. Vivo en A Coruña cos meus tíos e gústame A Coruña porque ten mar e tamén me gusta o instituto porque fixen moitos amigos novos e os profes son boísimos (tamén a profesora que nos ensina castelán). Gústanme as matemáticas e quero ser contable. Síntome moi honrado de vir a España!




## Mustapha Cham (Gambia)

Chámome Mustapha. Son de Gambia, pero meu pai era de Senegal. Levo en España desde maio de 2023. Marchei de Senegal e primeiro cheguei a Tenerife. Logo fun a Valencia e finalmente á Coruña. Estou vivindo en San José de Calasanz e estudo 4º ESO no IES Otero Pedrayo. Gústame facer deporte e a miña materia favorita é Lingua castelá porque así aprendo o idioma español.


## Lincoln Kelly Kamara (Kenya)

Son Lincoln e teño 15 anos. Son de Kenya, pero o meu pai é de Senegal. Cheguei a España en decembro do 2023 en avión. Vivo en A Coruña cos meus pais e o meu irmán. Estudo 4º ESO no IES Otero Pedrayo, pero vou graduarme pronto e vou estudar Bacharelato no IES Monelos. Gústame facer deportes e ir a parques porque son moi bonitos. Do instituto gústame que ten estudantes e profesores moi elegantes e simpáticos. As cousas e cursos de aquí son bos e teño amigos divertidos, alegres e simpáticos. A miña materia favorita é Educación Física porque facemos actividades divertidas. Por último, non me gusta nada o polbo porque me parece feo!



# OTERO CIENTÍFICO

María Varela



## 11F: Día da muller na ciencia

O 22 de decembro de 2015, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas decidiu designar o 11 de febreiro como Día Internacional da Muller e a Nena na Ciencia para conmemorar e recoñecer a traxectoria de todas aquelas mulleres que contribuíron ao avance da ciencia e da tecnoloxía a historia foi moitas veces esquecida.

No instituto participamos nesta celebración facendo un concurso de debuxos sobre científicas e unha exposición das obras resultantes.




Debuxos  
premiados

Valeria Medina Silva



Dora Naomí Yañac  
Anchari



## Visita á exposición de fósiles

O alumnado de 4º ESO da materia de Bioloxía e Xeoloxía visitou a exposición de fósiles que hai na Biblioteca Miguel González Garcés o día 11 de marzo.





# Día da ciencia en galego

En novembro de 2023 celebrouse o XIV día da Ciencia en Galego, adicado ao médico Domingo García Sabell, xa que este ano era o ano internacional da “Saúde para todos”. Para conmemoralo, parte do alumnado de 2º ESO B e C e o de 3º ESO E fixeron carteis sobre científicos e científicas galegas, que foron expostos polo instituto.



## Visita á Casa das Ciencias

O 31 de Outubro o alumnado de 1º ESO fixo unha saída á Casa das Ciencias. Alí experimentaron as distintas actividades dese museo científico e asistiron a unha sesión do Planetario.



# Agricultura ecolóxica e soberanía alimentaria

O alumnado de 2º ESO visitou a Horta e Granxa Ecolóxica Labrecos en Cesuras, Oza. Esta actividade está dentro do Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables, e organizada polo CEIDA de Santa Cruz. Previa á visita, tivo lugar unha charla informativa sobre Soberanía Alimentaria, na que explicaron como obter abonos e fitosanitarios de forma natural e aproveitando parte do lixo.

## QUE É A AGRICULTURA ECOLÓXICA? PRINCIPIOS E MOTIVACIÓNS



Os principios da agricultura ecolóxica son:

- Sen uso de produtos químicos
- Respecto e conservación dos ecosistemas
- Condicións laborais dignas
- Alto valor nutricional dos produtos e poñendo a disposición de todos os alimentos saudables e locais
- Movemento social para transformar o sistema agroalimentario cara á soberanía alimentaria-sustentabilidade

## CONCEPTOS FUNDAMENTAIS

### **Seguridade alimentaria:**

A capacidade das persoas para alimentarse en cantidades suficientes todos os días e tamén garantir que os alimentos ingeridos non supoñan un risco para a saúde das persoas.

### **Soberanía alimentaria:**

Dereito das persoas a escoller o que consumen e como o producen e a coñecer en todo momento a orixe e a constitución dos alimentos.



# RECOLLIDA DE LIXO MARIÑO

Setenta e cinco alumnas e alumnos de 1º ESO participaron na mañá do mércores 28 de febreiro nunha actividade de recollida de lixo mariño na praia de Santa Cruz. En algo menos dunha hora de recollida, apañamos sesenta quilos de plásticos e outro lixo.

Para a actividade o alumnado dividiuse en dous grupos. Mentres un dos grupos, acompañado de persoal do Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA), recollía e clasificaba o lixo, o outro grupo realizou unha camiñada entre Santa Cruz e Bastigueiro, ao longo da contorna da ría.

O día anterior, Ángel Prieto, un dos divulgadores medioambientais que traballa no CEIDA, impartiu nos grupos de 1º un obradoiro sobre a necesidade de reducir o consumo de plásticos. Ángel explicou ao alumnado as consecuencias medioambientais do vertido incontrolado de plásticos e a necesidade de impulsar plans para a redución do seu uso e a súa reciclaxe.

A actividade estivo organizada polo Departamento de Educación Física, dentro do Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables.



Retírouse un total de 60 kg de lixo (plásticos, cabichas, teas, latas, etc. parabéns a todas e todos!



# AS AVES DO OTERO

Se pasas polo IES Otero Pedrayo, estás son as aves que podes observar!

Grazas a Uxía, do persoal non docente do centro, sabemos exactamente que paxaros veñen de paseo polas nosas instalación ao longo do curso!

	Mirlo común Turdus merula <b>Merlo común</b>			Urraca común Pica pica <b>Pega rabilonga</b>	
	Gorrión común Passer domesticus <b>Pardal común</b>			Lavandera blanca Motacilla alba <b>Lavandeira branca</b>	
	Gaviota patiamarilla Larus michahellis <b>Gaivota de patas amarelas</b>			Carbonero común Parus major <b>Ferreiro común</b>	
	Colirrojo tizón Phoenicurus ochruros <b>Rabirrubio tizón</b>			Herrerillo común Cyanistes caeruleus <b>Ferreiriño azul</b>	
	Paloma torcaz Columba palumbus <b>Pombo torcaz</b>			Estornino negro Sturnus unicolor <b>Estorniño negro</b>	
	Tórtola turca Streptopelia decaocto <b>Rula turca</b>			Estornino pinto Sturnus vulgaris <b>Estorniño pinto</b>	
	Paloma bravía Columba livia <b>Pomba brava</b>				
	Petirrojo europeo Erithacus rubecula <b>Paporrubio común</b>				

*Uxía Pérez Arcos*

# RECREOS ACTIVOS

*Cristina de Prada*

Este curso a iniciativa dos Recreos activos tivo unha grande acollida por parte do alumnado de todos os niveis! Deste xeito, puidéronse escoller distintas actividades dependendo do día da semana: baloncesto, fútbol, baile moderno, petanca, voleivol e bádminton.



## O DEPORTE NO OTERO

*Arturo de la Rosa (3ºC)*

No IES Otero Pedrayo o deporte non é precisamente un factor educativo que falte, xa que neste instituto gústanos o deporte e facemos moitas actividades. A deportividade para nós é esencial. Contamos cun polideportivo e unha cancha de cemento onde se fai o deporte.


Este ano fíxose una liga de fútbol con distintas categorías, compostas por distintos cursos.

Canto ao baloncesto, ao principio do curso o profesor deixáballe o balón de baloncesto a grupos de rapaces aos que lle apetecían xogar. Os rapaces xogaban os martes e os xoves. Despois, neste ultimo trimestre, decidiuse facer un torneo cos equipos que se crearan. Formáronse grupos e empezaron a xogar os martes. Só podían xogar os martes os grupos que se inscribiron, en cambio, o xoves puidose xogar libremente ao baloncesto.

A voleivol xogouse no polideportivo os xoves. O alumnado facía grupos sobre a marcha e quen chegaba primeiro collía pista e cedíasele unha pelota para xogar.

# CELEBRANDO A BEETHOVEN

O 7 de maio de 1824 estreouse en Viena a Novena Sinfonía de Beethoven. Esta peza musical é para moitos a obra mestra do compositor alemán. Douscentos anos despois celebramos a efeméride no IES Ramón Otero Pedrayo, cunha actuación de 140 alumnos e alumnas. Dirixidos polo profesor de Música, Juan Berná, o alumnado interpretou a parte final da peza coñecida popularmente como a *Oda á Alegría*.



# OBRADOIRO DE BAILE TRADICIONAL


O venres 24 de maio o pavillón do noso instituto encheuse de alegría cunha xornada de iniciación ao baile galego en mans da Asociación Cultural Donaire e organizada por Dinamización da lingua galega e o departamento de Educación Física dentro do Plan de actividades físicas e hábitos de vida saudable.

Despois do recreo, todo o alumnado de 1º e un grupo de 2º da ESO foron achegándose por clases ao pavillón ata última hora. Alí Bea, profesora de Donaire, e con axuda de dúas alumnas de 4º da ESO, Paula Queijas e Carmela Rivas, ensináronlles algúns pasos principais de baile tradicional.

Unha vez aprendidos estes pasos o alumnado tiveron a oportunidade de poñelos en práctica. Calquera das catro aulas que asistiron fixérono moi ben, sen esquecermos da participación das dúas alumnas de 4º e do esforzo de Bea.

Agardamos que fagan máis actividades coma esta e así poder contar coa Asociación Cultural Donaire.

*Paula Queijas García (4ºA)*



# CINEMA PERIFÉRICO

(2º DE ESO 24-05-24)

O 24 de maio fomos convidados de novo polo Concello a unha sesión do ciclo Cinema periférico na Domus.

Vimos varias curtametraxes moi diversas: divertidas, tenras, experimentais e ata puidemos ter un coloquio cunha das cineastas que estreaba a súa obra, Nela Fraga en formato S8, proxectando a súa cinta in situ. A cineasta foi alumna do noso instituto e contounos moitas anécdotas sobre a creación da súa cortametraxe Feiticeira.

Un achegamento emocionante ao mundo do cinema. Seguro que repetimos!



## ACTIVIDADES 4º ESO



### EXCURSIÓN DE FIN DE CURSO A BARCELONA

O primeiro día de abril, case todos os rapaces de cuarto da ESO, fan o seu viaxe de fin de estudos, a Barcelona, onde fixeron unha panorámica da cidade, foron ao Aquario, a Cosmocaixa, e tamén visitaron a Tarragona Romana, pasearon polas Ramblas, pero non foi todo visita cultural, ademais tiveron tempo de diversión, foron a piscina do hotel e disfruaron un día enteiro en Port Aventura. E o día seis xa volveron para A Coruña.

### CARREIRA DE ORIENTACIÓN

O 24 de abril, vinte alumnos de 4 da Eso asistiron a carreira provincial de orientación, no campamento de Virxen de Loreto, en Porto do son. E unha rapaza clasificouse para o autonómico.

### CLUB DE LECTURA: AGATHA CHRISTIE

Algunhas rapazas de cuarto da Eso, asistiron ao club de lectura, onde leron libros, da escritora inglesa, Agatha Christie, tanto en galego como en castelán, e tamen representaron unha escena dun dos libros, *A Rateira*.



# VISITAS DE AUTORES

Lois Pérez veu falar sobre *A gruta da torre*



Antonio Manuel Fraga veu falar sobre *O castaño de abril*



# VIAXE A ANDORRA

O seis de xaneiro chegando a noite, uns cincuenta alumnos de terceiro reúnense para comezar a súa viaxe cara Andorra.

Nese momento os alumnos non sabían o estresante que poderían chegar a ser unhas 14 horas nun bus, sen poder durmir practicamente. Aínda que sacaron algo bo do traxecto, as paradas nas gasoleiras, xa que podíamos baixar a comprar para logo poder seguir co suplicio que era estar naquel bus.

A primeira hora do día, estes alumnos estaban a piques de chegar ó que sería o seu fogar por unha semana.

O primeiro día dedicáronse a organizar e aclarar os horarios da semana. Á parte tiveron que colocar todo nas súas habitacións, as cales podía ser de dúas ou máis persoas.

A partir do segundo día todo converteuse nunha rutina. Primeiro espertaban para poder ir almorzar no bufete libre ao cal baixaban xa coa roupa da neve. Logo collían o bus unhas rúas máis abaixo do seu hotel para poder encamiñarse á estación de esquí, Grandvalira.

En canto chegaban á neve, todo se convertía noutra rutina á parte. Para comezar ían coller os esquíis para poder ir cos monitores ás clases. Alí aprenderon a esquiar, por moito que a maioría da xente se esnafrara nalgún momento. Logo chegaba a hora de comer a cal era unha desastre, debido a que había moitos grupos doutros colexios e o espazo era moi reducido. Cando remataban podían seguir esquiando ou quedarse nas zonas de lecer ata a hora de marchar.

Ao volver da neve, os rapaces volvían moi cansos ao hotel onde se preparaban para poder saír polo centro de Andorra, que estaba a escasos minutos de onde se aloxaban, aínda que sempre tiñan a opción de quedarse a descansar.

Para rematar o día os alumnos ían cear ao mesmo bufete no que almorzaban e logo tiñan unha hora e media para poder estar na habitación que lles petara ata que deran as once e media e cada un tiña que volver á súa, cousa que non sempre pasaba.

Esta viaxe non será esquecida por ningún deles.

Claudia Juiz (3ºC) e Iris Fernández (3ºA)



# VIAXE A CATALUÑA

O curso de 4º ESO a finais das vacacións de Semana Santa realizamos unha viaxe de fin de estudos a Barcelona, como premio ao noso esforzo durante estes anos.

O luns logo de Semana Santa saímos ás 7 da mañá cara a Barcelona nunha viaxe en bus de 14 horas e establecémonos nun hotel en Salou en durante 6 días até o noso regreso.

Despois de nos instalar no hotel, o primeiro días fomos de turismo por Barcelona. O segundo día visitamos a Sagrada Familia, Cosmocaixa e o museo de ciencias e logo tivemos unha tarde libre de exploración por Barcelona. Outro día dirixímonos a Port Aventura e durante todo o días dispuxemos das atraccións e a comida xa incluída. Xa cara ao final da semana visitamos a Tarragona romana e fomos á praia a practicar kayak.

Esta foi unha viaxe inesquecible para todos nós, xa que foi a nosa primeira vez viaxando cos nosos amigos e pasámolo xenial!

Gema Piñeiro Castro (4ºB))



# PROXECTOS

## Animais en perigo de extinción


Félix Longueira

Durante o mes de decembro, o alumnado de 1º ESO realizou un traballo sobre as consecuencias para o medio ambiente do cambio climático e da devastación do medio natural que a acción do ser humano está provocando no planeta. Na realización dese traballo colaboraron os departamentos de Xeografía e Historia, Bioloxía e Xeoloxía, Lingua e Literatura Galega e Orientación.

O traballo, que se realizaba en grupos, centrábase no estudo dun animal en perigo de extinción, que o alumnado debía escoller. Na listaxe figuraban o gorila das montañas, a balea azul, o leopardo das neves, a tartaruga verde, a foca de aneis e outros quince animais. Estes animais enfróntanse a moi diversas ameazas, como a caza furtiva, a destrución dos seus hábitats pola contaminación e a deforestación, a desaparición das especies das que se alimentan...

O traballo debía incluír información sobre o hábitat do animal, os seus principais trazos biolóxicos, así como algunhas medidas para fomentar a súa conservación. Así puidemos saber, por exemplo, que o numbat é un pequeno marsupial que se alimenta exclusivamente de térmites. Este animal, endémico de Australia, viu o seu hábitat reducido a uns poucos santuarios do suroeste da illa.


A finais do século pasado o animal estaba ao borde da extinción, pois nada máis quedaban uns mil individuos. Desde entón as soltas de animais criados en cativeiro resultou nunha mellora das súas condicións de conservación. Ademais, claro está, o numbat é o único animal que fai excrementos de forma cúbica.



# Materiais (Tecnoloxía)

Neste traballo o alumnado de 2º ESO leva a cabo un mural demostrativo onde fan unha clasificación dos principais materiais que se utilizan en proxectos tecnolóxicos explicando as súas principais características e recolectando distintas mostras de cada un. Ademais o alumnado fixo unha exposición oral do mesmo na aula.


Seila Vázquez



# Travel Blog



# QUE FOI DE...?



Desde a apertura do Otero Pedrayo como Instituto de Educación Secundaria, foron centos (incluso miles) os e as estudantes que pasaron polo noso centro.

A nosa alumna Aldara Sánchez Pallas (3ºD) elaborou unha serie de preguntas para realizarse a algunhas persoas que pasaron por aquí nos últimos anos. Así e pois, publicamos varias entrevistas que nos permiten coñecer como influíu o Otero nas súas vidas!

## Aldara Sánchez Pallas entrevista a Emmanuel Leis Romar (Promoción 2002-2006)

### 1. Desde que rematches no IES Otero Pedrayo... Cal foi a túa traxectoria académica ou profesional?

Ao rematar ou instituto, continuei estudando bacharelato e un ciclo superior de topografía. Comecei a miña traxectoria laboral traballando de comercial, despois como transportista, no que compaxinei o traballo con estudos dun ciclo medio de electromecánica e de seguido como mecánico en barcos de lecer onde sigo traballando.

### 2. Cales son algúns dos recordos máis memorables que tes do teu tempo no instituto?

En canto os recordos memorables, non podo esquecer a viaxe a Venecia co instituto, unha das mellores viaxes dá miña vida, ou a liga entre clases, que xogábamnos nos recreos, organizábo Pedro o meu profesor de inglés.

### 3. Se puideses dar un consello ao estudantado actual do Otero Pedrayo; cal sería?

Aproveitade a experiencia e a aprendizaxe da vida que vos dá este instituto.

### 4. Como cres que a túa educación neste instituto te preparou para os desafíos que afrontaches na túa vida profesional e persoal?

O meu paso polo instituto ofreceume grandes amizades que hoxe en día sigo tendo. Ensinoume valores como o esforzo ou o respecto aos demais, os cales me guiaron durante toda a miña vida e séguenme guiando.

### 5. Quen foi o teu profesor ou profesora favorita e por que?

A todos os profesores gárdolles moi bos recordos, pero un que sempre recordarei é Juan Berná, co que puiden aprender e descubrir a miña paixón pola música.

### 6. Coincidiches con algún profesorado que estea actualmente no centro?

Juan Berná e tamén Guillermina.

### 7. Hai algunha materia que influíu en maior medida ca outra na túa carreira ou na túa vida?

A materia de música, foi a que a día de hoxe non esquezo e a cal sigo practicando.

## Lucía Lolo Ramírez entrevista a Alba Lolo Ramírez (Promoción 2013-2017)

### 1. Desde que rematches no IES Otero Pedrayo... Cal foi a túa traxectoria académica ou profesional?

Fixen Bacharelato de artes e despois unha Formación Profesional de Publicidade, Comunicación e Relacións Públicas.

### 2. Cales son algúns dos recordos máis memorables que tes do teu tempo no instituto?

Os roteiros que facíamos con Antón Amil e 4º curso en xeral.

### 3. Se puideses dar un consello ao estudantado actual do Otero Pedrayo; cal sería?

Que desfruten esta etapa todo o que poidan.

### 4. Como cres que a túa educación neste instituto te preparou para os desafíos que afrontaches na túa vida profesional e persoal?

Saín ben formada para enfrontarme a todo o que viña despois.

### 5. Quen foi o teu profesor ou profesora favorita e por que?

Antón Amil porque sempre organizaba actividades para nós.

### 6. Coincidiches con algún profesorado que estea actualmente no centro?

Si, Ana Fraga ou José Carlos, por exemplo.

### 7. Hai algunha materia que influíu en maior medida ca outra na túa carreira ou na túa vida?

Artes escénicas e Matemáticas.

## Dani Mayo entrevista a Óscar Núñez Mallo (Promoción 2015-2019)

### 1. Desde que rematches no IES Otero Pedrayo... Cal foi a túa traxectoria académica ou profesional?

Cando rematei a ESO no Otero, cursei Bacharelato no IES Monelos, dous anos que foron bastante especiais debido a que coincidiu coa cuarenta polo coronavirus. Aínda así, no segundo curso xa tivemos clases presencias durante, practicamente, todo o ano. Foron dous bos anos que remataron cos exames da ABAU, onde conseguín uns moi bos resultados. Foi por isto que conseguín entrar na carreira que eu quería, Matemáticas, e na que a día de hoxe sigo, facendo o terceiro curso.

### 2. Cales son algúns dos recordos máis memorables que tes do teu tempo no instituto?

A verdade é que esta é unha pregunta bastante enganosa, porque teño que escoller entre moitos moi bos momentos, e ademais algúns deles seguramente non sean os máis adecuados para responder en esta entrevista. No relacionado cos eventos organizados polo instituto teño que destacar cando fomos de viaxe a Francia con Estrella, que era a profesora de francés. Foi unha experiencia increíble e da que a día de hoxe sigo contando historias cos meus amigos. Tamén recordo con especial cariño cando xogabamos liga interna de fútbol sala nos recreos ou cando fomos con Félix a expoñer uns traballos a un colexio a Cangas, Moaña ou por esa zona, non me lembro ben.

Por outra parte, tamén podo destacar anécdotas máis persoais que, aínda que ao centro non lle facían tanta gracia, eu recórdoo como moi bos momentos. Cada un destes é fácil de recordar, xa que, para non te esqueceres, entregábanche un famoso "miniparte" que non sei se seguirán dando a día de hoxe. Entre estos podo destacar algúns por xogar con avións de papel entre compañeiros, un día que tivemos un pequeno incidente coas baldosas ou cando Octavio, daquelas profesor de historia, botou a un compañeiro da clase e veu que este se pasaba mensaxes con un folio por debaixo da porta co compañeiro que estaba sentado na entrada da clase, e a súa resposta foi pasarlle un "miniparte" tamén por debaixo da porta. Despois hai moitas máis historias que me gardo para comentalas convosco cando vos vexa en persoa, pero destacar que recordo esta etapa con moitísimo cariño precisamente por todas estas anécdotas.

### 3. Se puideses dar un consello ao estudantado actual do Otero Pedrayo; cal sería?

Diríalles que estuden, pero sobre todo que o pasen ben. Recordo a miña etapa no Otero sempre cun especial cariño por todas as anécdotas que teño. Aínda a día de hoxe, moitos dos meus mellores amigos son os que eran compañeiros de clase no Otero. Polo tanto, recoméndolles que desfruten moito con todos os compañeiros e aproveiten esta etapa. Todo isto sen esquecerse da parte académica, que sempre é importante estudar.

### 4. Como cres que a túa educación neste instituto te preparou para os desafíos que afrontaches na túa vida profesional e persoal?

Esta paréceme unha pregunta bastante difícil de responder tendo en conta que aínda estou en terceiro de carreira e que me queda toda a vida por diante, polo que dentro duns anos estaría encantado de volver responder estas preguntas para poder responder mellor. Porén, penso que moitas das actividades organizadas por Antón Amil no relacionado a oratoria resúltanme moi útiles en moitos ámbitos da miña vida. Ademais, foi unha etapa na que tanto polos profesores como polo meu círculo social adquirín moita confianza e seguridade en min mesmo, que penso que é algo fundamental para calquera actividade.

### 5. Quen foi o teu profesor ou profesora favorita e por que?

Non podería quedarme só con un, así que, facendo un esforzo, vou dar 3 nomes: Carmen Zapata, Maca e Antón Amil. Penso que cada alumno sempre conecta dunha maneira diferente con algún profesor, e no meu caso estos tres foron sen dúbida dos máis importantes que tivei. A medida que avancei no instituto, a miña relación persoal cos tres creceu enormemente, sendo persoas coas que rematei tendo moita confianza e coas que tivei diferentes conversas xa rematada a miña etapa no instituto. Ademais deles, tamén me gustaría destacar a Esther, do departamento de orientación, Juan Bort, Estrella, Laura Janeiro, Octavio e outros moitos que fixeron da ESO unha etapa inesquecible para todos nós.

### 6. Coincidiches con algún profesorado que estea actualmente no centro?

Non estou moi seguro de quen continúa a día de hoxe. Dos que comentei na pregunta anterior penso que só Juan Bort segue por aí. Polo demais, diría que seguen no instituto Félix e Susana, de historia; Lola, de plástica; Ana Casal e Ana Fraga, de matemáticas; Juan Berná, de música e Guillermina, a orientadora. Ademais, o que era o meu profesor de educación física, José Carlos, é agora o director do centro.

### 7. Hai algunha materia que influíu en maior medida ca outra na túa carreira ou na túa vida?

Diría que non. Como comentaba anteriormente, a día de hoxe estou cursando o Grao en Matemáticas na Universidade de Santiago de Compostela, pero non diría que en ningún caso se deba ao que poidese aprender en ningunha materia no instituto. Porén, as diferentes actividades extra curriculares que se levaban a cabo, como poden ser o Canguro Matemático, ou a recomendación para as probas do programa Estalmat, si que alimentaron o meu gusto por esta rama, que a día de hoxe estou moi contento de ter escollido.

# ARTIGOS DE OPINIÓN

## Os negacionistas e o cambio climático

Por que pensas que os negacionistas en xeral se opoñen ao evidente? Porque non teñen ollos? Non. Porque non teñen os medios para informarse? Tampouco. Os negacionistas rexeitan datos exactos e precisos feitos por universidades cualificadas e xente preparada, todo para seguir vivindo na súa nube evadida do mundo, xa que "isto non lles incumbe, que se encargue o Estado, que para iso pagamos impostos".

Debido a este tipo de pensamentos, esta xente non é capaz, nin tampouco pon da súa parte para combater acontecementos que nos incumben a todos, como o cambio climático. Porque mentres a xente loita e se manifesta contras as principais fábricas e países emisores de CO<sub>2</sub>, debido a que dende pouco despois do comezo da 3ª revolución industrial, esas emisións foron aumentando pouco a pouco, ata o punto de que comezaron no 1959 con 15,9 de miles de millóns de emisións a atmosfera, e rematamos o 2022 con 40,5 de miles de millóns de emisións á atmosfera entre coches, transporte en xeral e fábricas, sobre todo as de combustibles fósiles e cemento, xa que a elas lles corresponde o 80 % das emisións globais de CO<sub>2</sub> xeradas por 57 produtores dende 2016 ata 2022, mentres que o 88% das emisións están vinculadas a 117 produtores, eles continúan a dicir que todo isto é un conto de vellas. Pero todo este gas foi un dos moitos causantes de que a capa de ozono se estea desfecendo, pero aínda así, os negacionistas séguense dando de bruces contra a mesma parede, "Porque... onde está o cambio climático? Eu aquí non o vexo". Pero o peor é que ser negacionista non é que sexa un perigo, pero sí unha ameaza. Isto débese a que este tipo de pensamentos, se o fomenta algún proxenitor, vaillo intentar transmitir ao seu fillo, a menos que o neno/a teña as ideas claras. Probablemente, os pais que teñan pensamentos negacionistas se esforcen por darlles unha boa vida aos seus fillos, como todos, ou simplemente á xente que queren, pero non se deben de decatarse que tamén importa o estado no que deixen o planeta no que viven eles e vivirán as xeracións que seguirán ás de seus fillos, porque aínda que eles non o crean, hai estatísticas que afirman que o cambio climático causa unhas 7 millóns de mortes en todo o mundo (máis de 10.000 en España), segundo datos de sociedades médico-científicas e da Organización Mundial da Saúde (OMS).

As grandes cidades son as máis expostas á contaminación en xeral, especialmente do aire que os seus habitantes respiran cada día. Basta con saír dos núcleos urbanos para observar cos nosos ollos a "boina" contaminante postrada nos ceos das grandes cidades. Aínda así, hai negacionistas que rexeitan a información por non saber informarse. Unha maneira de abrirille os ollos á xente que de verdade quere cambiar o seu xeito de pensarpodería ser dar charlas informativas, imparciais e con datos obxectivos, como os anteriormente ditos. Así que, por favor, se por casualidade hai algunha persoa negacionista lendo isto: busca información sobre este ámbito, que xa verás cómo atopas información abondo para cambiar de parecer e así conseguir un mundo mellor para ti, para os teus e para a xente do mundo enteiro.

**Raquel Varela Pérez (3ºA)**

## O uso de enerxía nuclear

É bo o uso de enerxía nuclear?

Empezando coa súa definición, a enerxía nuclear é aquela obtida pola fisión ou fusión de átomos, pois estes liberan moita cantidade de enerxía que logo é aproveitada para xerar electricidade (se ben, á mesma central nuclear, tamén ten uso na medicina, industrias ou defensa). O uso desta enerxía xera moita controversia xa que, aínda que ten algunhas vantaxes, ten demasiados máis problemas e desvantaxes o dobre de graves, chegando ó punto de que o seu uso sexa perigoso, contaminante e innecesario.

Contaminante? Esta mesma é unha fonte de enerxía non renovable ó depender de recursos como o uranio, que aparte de escaso é caro, e tamén xeradores de residuos radioactivos que precisan de miles de anos para poder desaparecer, a súa presenza significando un grave risco á saúde e ó medio ambiente.

Perigosa? Por si mesma é unha fonte de enerxía moi insegura que pode provocar accidentes catastróficos (como os de Chernóbil ou Fukushima), causando enfermidades, danos materiais, morte de moitas persoas, danos ecolóxicos irreversíbeis... Sendo que a enerxía nuclear tamén é empregada con fines bélicos, supón entón unha ameaza á paz mundial.

Innecesaria? Xa existen outras fontes de enerxía que son máis baratas, limpas e seguras (fontes renovables como a solar, eólica, hidráulica...) que non xeran emisións de gases de efecto invernadoiro nin residuos que ameacen á integridade da xente axudando á diminución de enfermidades por contaminación, contribúen ó cambio climático sendo respectuoso co medio ambiente.

Por iso e moito máis, o máis óptimo sería apostar polos modelos enerxéticos baseados nas enerxías renovables que supoñen aínda máis eficiencia e sostibilidade do que a enerxía nuclear podería ter.

**Valeria Medina Silva (4°C)**





## A importancia da arte

Se ti lle preguntas a alguén que é o que nos fai humanos, haberá moitas respostas. Algúns dirán que é a capacidade de razoar, outros que é a nosa linguaxe. Eu penso que é a arte, e que non lle damos o suficiente crédito despois de todo o que nos deu como especie.

Pode ser que na actualidade esteamos sendo testemuñas de avances tecnolóxicos increíbles, pero iso non nos define. Na miña opinión, estamos avanzando cara a un mundo onde todos nos comportamos como máquinas, e por enriba premiamos ese comportamento. Un comportamento que é xusto o contrario á imaxinativa mente do *homo sapiens* e ao seu desexo de expresarse. Desexo que alcanzamos, normalmente, a través da arte. Entón, por qué as artes son unha industria con obxectivamente poucas saídas laborais, e por que os estudos artísticos son tan pouco valorados por unha sociedade que, sen darse de conta, escoita música todos os días e deléitase vendo calquera tipo de pintura alá onde mira?

A arte é un dos pilares culturais da sociedade e, na miña opinión, deberíamos tratala como tal. Pode que se tarde, pero quizais unha boa forma de comezar sería deixar atrás eses prexuízos tan aceptados de que as artes non contribúen ao noso cremento como sociedade, porque realmente si que o fan.

**Antón Maderuelo González (4°C)**



## A tauromaquia

Nestes últimos anos, estase a debater que a tauromaquia debería prohibirse despois de moitos séculos de celebración. E se en vez de touros fosen cans aos que matan? As cousas cambiarían. A xente estaría horrorizada e non permitirían que os matasen dese xeito.

Desde o meu punto de vista é evidente que debería estar prohibido por moitos motivos: en primeiro lugar porque me parece moi cruel criar animais coa única finalidade de torturalos e matalos. Tamén porque estes animais son altamente sensibles, sociables e intelixentes; e porque non me parece ético que se destinen cartos públicos para este tipo de espectáculos... Para algunha xente partidaria desta festa, este acto é unha tradición e unha arte que representa a España, e din que eles respectan aos touros e que estes animais viven mellor que moitos outros. Para min isto non é certo xa que a crueldade, o maltrato e a dor non se pode considerar cultura. A cultura son os costumes e modos de vida que contribúen ao desenvolvemento dalgún modo ou outro, e o maltrato animal non cumpre ningún dos puntos que debería cumprir a cultura.

En conclusión eu prohibiría esta malchamada "festa nacional", e en todo caso admitiría unha nova versión, como pode ser a que se fai en Portugal na que se tourea o animal pero non o matan.

**Julia Abeijón Morales (4ºA)**

# O RECEITARIO DO OTERO

**O alumnado de 3ªA quixo compartir algunhas das súas receitas favoritas.  
Bo proveito!**

## Tortilla de patacas

Unha das receitas que ides aprender a facer é unha deliciosa tortilla de patacas. Explicarei a continuación todos os pasos necesarios para a súa preparación. Trátase dunha receita familiar que utiliza a miña nai e que adoita ter moito éxito.

O primeiro é reunir os ingredientes, que son:

- 700 gramos de patacas de Coristanco
- 8 ovos campeiros
- un chisco de sal do Himalaia
- un vaso de aceite de oliva

Agora que xa xuntamos todos os ingredientes, imos detallar a preparación:

1. Pelamos as patacas en toros moi finos e todos eles do mesmo grosor.
2. Logo, somerxemos estes en auga durante uns 15 minutos.
3. Ao pasar este tempo, deberemos secar as patacas cun pano de cocina.
4. Poñemos a tixola ao lume e engadirlle todo o aceite.
5. Botamos as patacas na tixola antes de que o aceite estea moi quente. Isto último é moi importante para conseguir que as patacas non queden fritidas.
6. Pasados uns 10 minutos, sacamos as patacas da tixola cunha espumadeira e imos poñéndoas nun prato.
7. Escachamos todos os ovos e batémolos con coidado.
8. Retiramos o aceite da tixola deixando tan so un chisco no fondo.
9. Botamos as patacas de novo na tixola engadindo ao mesmo tempo un chisco de sal.
10. Inmediatamente despois vertemos os ovos na tixola.
11. Removemos esta mestura cun garfo.
12. Se seguimos os pasos correctamente, a tortilla debería ir callando (solidificándose) pouco a pouco.
13. Darémolles unha ou dúas voltas a tortilla para que quede ben feita polos dous lados.
14. Só quedará poñela nun prato e desfrutar.

No momento de servila pódese acompañar con embutidos ou con queixo, facendo deste xeito unha combinación perfecta.

E isto é todo. Espero que esta receita vos sirva para sorprenden as vosas familias e para que gocen todos cun prato espectacular.

Lucas Cano



## Galletas de manteiga

INGREDIENTES:

- 200 gramos manteiga pomada (branda a temperatura ambiente)
- 120 gramos azucre
- 280 gramos de fariña de trigo
- 1 cullerada esencia de vainilla

PREPARACIÓN:

1. Nun recipiente comezamos mesturando a manteiga co azucre. A manteiga debe de estar a temperatura ambiente para poder traballar ben con ela. Mesturamos moi ben.
2. Unha vez mesturado, agregamos a cullerada de esencia de vainilla.
3. Continuamos coa fariña. Pasámola por un coador antes de incorporala ao recipiente. Mesturamos moi ben.
4. Agora é momento de darlles forma. O máis fácil é facer un rolo coa axuda dun rolete ou mesmo co rolo de papel filme e metelo na neveira durante 1 hora máis ou menos. A partir de aí, o que faremos será «cortar toros» de 1 centímetro máis ou menos e enforنالas.
5. Poñémolas nun bandexa de forno cortadas e enfornámolos a 180º durante uns 11-12 minutos. No momento que vexamos que se empezan a dourar os bordos sacámolas.
6. Finalmente, empratámolas e gozamos coméndoas.



Paula Barbeito

## ORELLAS

### INGREDIENTES:

- 500 gramos de fariña de trigo (logo necesitaremos máis a maiores).
- 35 gramos de azúcre.
- Raiadura de limón (solo medio, e é voluntario).
- Media cullerada de sal.
- 10 gramos de levadura.
- 2 ovos.
- 100 gramos de manteiga fundida.
- 50 ml de auga morna.
- 100 ml de zume de laranxa.
- 50 ml de anís.
- Aceite de xirasol para fritir.
- Azúcre glas.
- Canela (opcional).



### PREPARACIÓN:

- 1.- Comezamos disolvendo en auga, un pouco de sal.
- 2.- Exprimimos unhas naranxas, sacamos a raiadura de limón e o zume de limón. (Este paso é voluntario, xa que depende da zona esto faise ou non).
- 3.- Nun bol batimos os ovos xunto co anís, o zumo de naranxa (voluntario), a auga e a manteiga, que debe de estar fundida por completo, pero non quente.
- 4.- Engadimos a raiadura de limón e mesturamos todo moi ben.(Voluntario).
- 5.- Continuamos engadendo o azucre.
- 6.- Unha vez teñamos toda la mestura, engadimos a fariña a poucos xunto coa levadura. Pódese facer cun robot de cociña ou coas mans.
- 7.- Amasamos durante uns 5 ou 10 minutos, ata que quede elástica e non se pegue. Probablemente necesitaremos máis fariña, polo que pouco a pouco engadiremos máis ata que quede a masa consistente.
- 8.- Deixamos nun bol repousar a masa durante unha hora máis ou menos
- 9.- Cando pase o tempo de repouso, sacamos bolas de masa estirámolas na mesada coa axuda dun rolete. Deben de quedar delgadas, xa que logo hincharán co aceite.
- 10.- Iremos reservando pouco a pouco todas as orellas para logo freilas todas seguidas.
- 11.- Poñemos abundante aceite de xirasol nunha sartén e dispoñémonos a freilas.
- 13.- Unha vez douradas pasámolas a unha bandexa con papel absorbente e poñemos azúcre glas por riba ou unha mestura de azúcre e canela, como máis vos guste.

Raquel Varela

## Biscoito de cenoria

### INGREDIENTES:

- 250 gramos de cenorias
- 4 ovos medianos
- 200 gramos de azucre
- 160 mililitros de aceite de oliva
- 250 gramos de fariña de trigo
- 10 gramos de levadura química
- 1 chisco de sal



### PREPARACIÓN:

1. Triturar as cenorias. Pódese deixar a pel se son pequenas ou quitala se son grandes. Despois, acender o forno a 200 graos con calor arriba e abaixo.
2. Bater 4 ovos medianos cos 200 gramos de azucre durante 3 minutos, ata que obter unha mestura branquecina.
3. Verter 160 mililitros de aceite de oliva amodiño e seguir batendo.
4. Coa axuda dunha espátula, incorporamos a cenoria triturada na masa. Debe quedar unha mestura homoxénea, coa cenoria ben repartida.
5. Tamizamos 250 gramos de fariña de trigo con 10 gramos de levadura química e unha pizca de sal
6. Incorporar a mezcla tamizada á masa de cenoria coa axuda da espátula.
7. Forramos un molde duns 20 centímetros con papel de forno na base e paredes. A continuación, vertemos a mestura no molde.
8. Introducimos o molde no forno, baixamos a temperatura a 180 °C e forneamos durante 50 minutos. Pasado o tempo, comprobamos se está feito cun palillo. Si quedara masa pegada ao palillo, forneamos uns 10 minutos máis. Unha vez cocido, retiramos o biscoito do forno
9. Deixámolo repousar durante outros 10 minutos e desmoldamos.

Laura Díaz

# GRADUACIÓN DE 4º ESO

Este ano tocounos graduarnos aos alumnos da promoción de 2020-2024, uns alumnos moi unidos entre si, con moitos recordos nestes catro anos e moitas experiencias vividas xuntos.

Días antes da graduación fixemos as fotos para a orla, para ter un recordo de todos nós. Quedamos todos moi guapos e a orla quedará moitos anos no instituto para que todos a poidan ver e recordar a nosa promoción.

O día 14 de xuño ás 17:30 da tarde, celebrouse o evento de graduación.

Para que todo saíra ben, os alumnos e alumnas e parte do profesorado estiveron organizando todos os eventos que ían acontecer: os premios para os profesores, as mencións a estes, a orde de saída das clases para recibir a súa orla, os discursos do alumnado e o baile.

Na última hora de clase, o alumnado de 4 da ESO foi citado para deixar todos os asentos colocados, as bancadas limpas, revisión do equipo de son, preparación do photocall para sacar fotos despois e outros aspectos importantes.

O alumnado chegou as 17:00 ao instituto. Os pais, familiares e amigos ían chegando por montóns. Ás 17:30 non quedaba un burato libre onde sentarse, había moitísimo público, e por riba de todo, pais orgullosos dos seus fillos.

O acto comezou ás 17:40. O director do instituto, José Carlos, deu un agradecemento e uns consellos para a nosa vida. Despois foron dúas alumnas de 4A, Mara Pombo e Uxía Suárez as que deron un discurso moi emotivo onde agradeceron a todos os profesores que nos dan e que nos deron clase pola súa paciencia, perseverancia e amor a súa materia. A continuación, dous alumnos de 4C, Iván Roca e Ainara Díaz comezaron a nomear ás clases e aos alumnos para recibir a súa orla. Cada un foi nomeado un a un e recolleron a súa orla, a cal lles entregou a súa correspondente titora. Nos casos de 4 A e C, nos puideron estar presentes os titores polo que as entregaron Rosalía a 4A e Vanessa a 4C.

Cando acabaron de dar as orlas, déronlle trofeos aos profesores con máis paciencia, máis amor pola súa materia, o sorriso máis bonito...

Logo proseguimos co baile dos alumnos. Bailaron xenial e sacáronlle un sorriso a todos os espectadores. Bailaron diferentes cancións como o Limbo, Danza Kuduro... e por último a Macarena, onde saíron a bailar máis alumnos, amigos, pais, nais e profesores.

Por último, o alumnado recolleu todo o material utilizado e levárono a súa respectiva clase e os familiares e amigos foron cos seus fillos a sacarse fotos ao photocall e a darlle os parabéns.

Ao rematar o evento, case todo o alumnado foi de festa para celebrar a súa graduación.

Foi un gran día que todos recordaremos para sempre con moito cariño.

Carlos Torres Otero e Alba González Bellet



Parabéns a todo o alumnado graduado e moita sorte!

**IES RAMÓN OTERO PEDRAYO**  
**PROMOCIÓN 2020-2024**

XXV PROMOCIÓN



# PASATEMPOS

Mateo Couce (3°C)

## Sopa de letras


Profesor  
Aula  
Alumnado  
Literatura  
Libro  
Exame  
Asignatura




## Sudoku

	1			2				8
	5	2			3		1	9
8	6	9	5	1			3	
6		3	7	5	8	9	2	1
		7	2			5	4	
2	9	5	6		1	3		
9	3	6	1	8			7	
4	2			7	6	8		
5	7	8	4	9		1	6	3

## Labirinto



## Encrucillado



- 1 Quen colonizou América no 1492?
- 2 En que país se disputou a Copa do Mundo de 2018?
- 3 Cal é o evento deportivo máis visto do mundo?
- 4 Cal é o disco máis vendido de todo o mundo?
- 5 Cal é a compañía que fabrica os Iphone?
- 6 Quen é o vocalista de Queen?
- 7 Quen é o autor de Cien años de soledad?
- 8 Que rede social foi fundada por Mark Zuckerberg?





Esta revista foi editada no IES Otero  
Pedrayo, no mes de xuño de 2024.  
A Coruña